<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Economía verde. A influencia dos mercados (de bens, financeiro e laboral) na vida da cidadanía. Os axentes económicos e os dereitos laborais desde unha perspectiva de xénero. O valor social dos impostos. Responsabilidade social e ambiental das empresas. P</li> <li>- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Europa política	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	90
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade, aceptando a diversidade cultural.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade, aceptando a diversidade cultural.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Coñecer as funcións das institucións e levar a cabo unha resolución pacífica dos conflitos.		
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Expoñer as principais funcións das diversas institucións existentes.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	10
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.</li> <li>- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.</li> <li>- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna</li> <li>- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política.</li> <li>- España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública.</li> <li>- España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.</li> <li>- Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Historia contemporánea	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade, aceptando a diversidade cultural.	PE	80
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Coñecer as funcións das institucións e levar a cabo unha resolución pacífica dos conflitos.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Identificar feitos da contorna social e cultural no período da Idade Contemporánea.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades da Idade Contemporánea, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	20
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade, aceptando a diversidade cultural.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.

## Contidos

- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.
- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.
- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.
- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas, como complexa é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber: o mercado, os experimentos, as festas, a arte, os deportes e as viaxes permiten unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúe significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas. O enfoque globalizador e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así axudámoslle a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Van aparecer momentos de bloqueo e estrés, sabémolo; buscamos xustamente que o noso alumnado aprenda a manexalos e manteña unha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprixe.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando



tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

Os grupos de traballo en equipo serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Lentamente e de forma progresiva imos creando situacións que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS
RECURSOS ESPACIAIS

O currículo da área de ciencias sociais fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son o E.O.E, as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas lectivas do curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de matemáticas. Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: plans de reforzos, test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.

- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios.

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os ítem ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	75	55	60	90	80	<b>74</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	25	45	40	10	20	<b>26</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas

obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade 80%.

Os instrumentos empregados son:

- Realización de probas escritas ou orais
- Rúbricas en aspectos fundamentais.

Realizarei unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación. Estas probas son unha ferramenta apropiada para comprobar a adquisición dos saberes básicos e o desenrolo das competencias dunha forma fiable e obxectiva. As probas de avaliación da unidade fomentan o pensamento e contribúen á aprendizaxe significativa, permitindo avaliar en que medida o alumnado ten adquirido determinadas aprendizaxes, si sabe relacionar diferentes saberes entre si e si é capaz de transferir as destrezas adquiridas a outro contexto cunhas particularidades distintas (sin apoios, con tempo limitado).

2-Realización do traballo na clase 10%.

- Realización axeitada do traballo
- Presentación do caderno
- Realización e presentación de fichas

Os instrumentos empregados son:

- Caderno da clase e libros.
- Fichas
- Rexistro de actividades.

3.-Valoración de actitudes na aula 10%.

- Escoita
- Participación
- Esforzo
- Colaboración

Os instrumentos empregados son:

- Rexistros variados.(de participación, actitude, atención)

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores, así como probas escritas para coñecer o grao de interiorización dos diferentes contidos. Para cubrir as táboas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

#### PROMOCIONAN:

Sempre con todas as áreas aprobadas ou cunha suspensa.

Con dúas áreas suspensas sempre que non sexan dúas linguas (galega, castelá), ou cunha lingua e matemáticas.

#### NON PROMOCIONAN:

Cando non se cumpre o punto dous de PROMOCIONA.

Cando haxa tres áreas suspensas ou mais.

#### OUTROS CRITERIOS A TER EN CONTA CARA Á PROMOCIÓN:

Criterio do D.O. cara á conveniencia ou non da promoción.

Análise da situación específica do alumno/a en cuestión (Diagnóstico de NEAE que estimen a non conveniencia da non promoción)

Deliberación e acordos nas respectivas Xuntas de Avaliación.

#### **Criterios de recuperación:**

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión.

- Partiremos do nivel de cada alumno/a.

- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

- As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúnsas estudantes.

- O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X			X	
ET.5 - Fomento do espírito emprendedor				X		
ET.6 - Fomento do espírito científico			X	X		
ET.7 - Fomento da igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación inclusiva	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para ter hábitos saudables.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Hai oito temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora..

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SAÍDAS	Intentarase facer unha saída trimestralmente a museos científicos, organismos públicos, a contorna	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
MAGOSTO, SAMAÍN, PEÓN	Realizárase actividades propostas relativa a temática a tratar	X		
NADAL	Realizárase actividades propostas ca temática: festival, badaladas, apalador.	X		
DÍA DA PAZ- SAVE THE CHILDREN	Realizárase unha carreira para axudar a infancia no mundo.		X	
OBRADOIROS	Organizáranse obradoiros de diversa temática para axudar a complementar a personalidade do noso alumnado	X	X	X
ENTROIDO	Faremos actividades relacionadas ca temática		X	
CONMEMORACIÓNS	Realizaremos todas as conmemoracións planificadas e aprobadas no calendario escolar.	X	X	X
XEOGRAFIANDO EUROPA	Realizaremos as actividades que emanan do proxecto de biblioteca	X	X	X
OBRADOIRO DE LINGUA DE SIGNOS	Durante todo o curso continuaremos co obradoiro de lingua de signos,	X	X	X
SEMANA DE FROITA E LEITE	Faremos as actividades propostas polo plan proxecto, incluído o reparto de froita e leite	X	X	X
EXCURSIÓN FIN DE CURSO	Para celebrar o remate do ano escolar, en xunto con outros cursos do centro, organizaremos una saída que pode ser lúdica- cultural.	X		

#### Observacións:

Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das ciencias sociais.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Porcentaxe de alumnado que acaba unha valoración positiva na materia das ciencias sociais. ( 75%)
Porcentaxe de alumnado que este ano acadou unha valoración positiva, saíndo de unha valoración negativa o curso anterior.
Contextualización dos contidos das ciencias sociais na vida cotidiá.
Metodoloxía empregada
Fomento do emprego da linguaxe social ( escala 1-4)
Valoración das dúbidas xeradas no alumnado con relación o tema tratado.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Uso de material manipulativo. ( escala 1-4)
Porcentaxe de sesións colaborativas (60%)
Medidas de atención á diversidade
Diversificación de recursos adaptados as necesidades do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Porcentaxes de reunións que conclúan cunha valoración positiva (75 %)
Outros
Porcentaxe de redución de conflitos dentro da aula (70%)

#### **Descrición:**

Nas escalas valorativas do 1 o catro, o máximo valor será o catro.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22



## 1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación en Valores Cívicos e Éticos (ECVE) en 6º curso de Educación Primaria, realizada en base a Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara a Atención á Diversidade, incidindo na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, o que nos vai permitir desenvolver as capacidades e habilidades sociais que melloran e aumentan as posibilidades de relación dos alumnos/as, a través de patróns de conducta básicos que constitúan unha sólida base para o futuro. Co fin de garantir o éxito da formación integral do alumnado, traballaranse diferentes tipos de situacións e contextos similares aos que se pode ver exposto o mesmo ao longo da súa vida. Deste xeito, traballarase dun xeito transversal tanto as capacidades de carácter cognitivo así como as capacidades do ámbito afectivo - social, de relacións interpersoais e de inserción social a través da aprendizaxe da xestión das súas propias emocións. De igual modo, o traballo realizado na aula tamén gardará relación co desenvolvemento de actitudes e valores comprometidos co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade, unha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

A materia de Valores éticos e cívicos é unha materia de tremenda importancia para poder cumprir cos obxectivos do curriculum.

Nesta materia axúdase a garantir o dereito universal dos nenos e nenas a recibir unha educación primaria que lles permita desenvolver ao máximo as súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e liberdade fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerantes ante as dificultades.

Ao mesmo tempo reforma a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e crítica implicándose na mellora de cohesión, defensa e desenvolvemento da sociedade democrática.

Esta materia responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencia a participación individual para lograr fins colectivos.

Os criterios de avaliación e contidos distribúense en tres bloques,

1. Autoconñecemento e autonomía moral
2. Sociedade, xustiza e democracia
3. Desenvolvemento sostible e ética ambiental.

Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, saber seguidamente o papel que cumpre na sociedade, e a súa responsabilidade para cos demais e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, ao demais seres vivos e ao noso planeta. Todo isto fundamenta as bases dos retos do século XXI.

**CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 3º CICLO (10/12 anos).**

Etapa das operacións concretas (de 6/7 a 12 anos) segundo Piaget.

Ámbito cognitivo: Nesta etapa os nenos comezan a utilizar a lóxica para chegar a conclusións válidas, pero para conseguilo precisan de situacións concretas e non abstractas. Tamén poden categorizar aspectos da realidade dun xeito moito máis complexo. Outro punto esencial é que o pensamento deixa de ser tan egocéntrico.

Área motora: Neste período acádase a plena maduración do sistema nervioso, polo que se realizan movementos mellores, máis eficaces e máis rápidos. Prodúcese un endurecemento e aumento progresivo dos ósos. Os sistemas respiratorio e circulatorio desenvólvense progresivamente, o que permite aos nenos responder mellor aos esforzos. Acadan unha mellor organización e estruturación espazo-temporal. Ao comezo da etapa tomase conciencia do propio corpo dun xeito global. Despois, de cada unha das súas partes, e ao final da etapa estás plenamente consciente do teu corpo, diferenciándoo dos obxectos, para poder controlar perfectamente os seus movementos. Tamén ten a lateralidade perfectamente interiorizada, é dicir, os conceptos de dereita-esquerda. Isto permítelle realizar movementos simétricos e asimétricos.

Ámbito afectivo-social: O neno centra a súa enerxía en coñecerse a si mesmo e ao mundo que o rodea. O neno vai tomando conciencia do mundo ao que pertence: adquirindo valores da súa propia cultura e tomando conciencia de que é capaz de afrontar e resolver os problemas que se presentan. Debemos evitar que o neno desenvolva sentimentos de inferioridade. Nesta fase desenvolven: Autoconcepto (concepto que o neno ten de si mesmo) Autoestima (imaxe e valor que se outorga o neno). Ao redor dos 12 anos comeza a puberdade, que é a última etapa do crecemento na que o neno volve experimentar un crecemento acelerado.

#### DATOS XERAIS DE CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

O centro está situado no Concello de Carballo, parroquia de Sofán, ten 157 alumnos neste curso 2023/2024 e unha plantilla de dezaoto profesores, con dous itinerantes (relixión e audición e linguaxe) conta con plan concilia, comedor, transporte e actividades extraescolares. É centro plurilingüe e ten dúas seccións bilingües (5º e 6º), mentres que os cursos de 1º, 2º e 3º son plurilingües. O centro participa nun gran número de proxectos que redundan tanto no alumnado como en toda a comunidade educativa ( dezaoto profesores), Erasmus +, PFPP con varios itinerarios, radio escolar propia, prensa dixital, lingua de signos todo o curso, entre outros. No centro cóntamos coas seguintes instalacións: pavillón polideportivo, pistas polideportivas ao aire libre, pequeno patio cuberto, zona de xogos de infantil con tobogán, columpios; campo de fútbol exterior, horto escolar e zona axardinada. Ten biblioteca, aula de música, aula de radio e invernadoiro.

- Centro: CEIP\_Plurilingüe Gándara Sofán

- Unidades: 9 (3 EI / 6 EP)

- Curso: 6º

- Nº alumnos/as: 25 alumnos (14 nenas e 11 nenos)

- Contorna: Rural

- Instalacións: zona xogos de infantil, polideportivo, patio exterior, zona verde axardinada no exterior, pista polideportiva exterior.

- Xornada escolar: continua de 09:50h a 14:50h

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Isto é unha democracia	Concepto de democracia e igualdade, fundamentos da vida en sociedade: familia, amor, convivencia democrática con xustiza e paz.	15	5	X		
2	A miña paixón non ten límites	que nos move a actuar, como facelo de xeito responsable e autónomo, as normas que guían as nosas accións.	15	6	X		
3	Benvidos ao talent show	Coñecerse a sí mesmos como individuos, definindo un obxectivo de como queremos chegar a ser	15	6		X	
4	Un novo comezo	As emocións e os sentimentos. Identificación e xestión	20	6		X	
5	A Paz non se vende	A importancia da convivencia e da paz	20	6		X	X
6	Todos os seres vivos merecemos respecto	Actitude respectuosa coa biodiversidade, animais e demais seres vivos. A corresponsabilidade entre todas as persoas sen exclusión de xénero, raza, etnia, procedencia. Respecto da diversidade.	15	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Isto é unha democracia	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos seus compañeiros/as adoptando posturas cívicas	TI	100
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	E capaz de identificar condutas nocivas e denuncialas co fin de conseguir unha convivencia respectuosa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Comprende e valora os principios de xustiza e igualdade		
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	É capaz de dialogar aberta e respectuosamente sobre un tema de debate		
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Comprométese activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As características que definen a persoa:</li> <li>- Ser natural, ser vivo, ser animal.</li> <li>- A educación das emocións e dos sentimentos:</li> <li>- O autocontrol. A xestión dos sentimentos.</li> <li>- A ética como guía das accións:</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas.</li> <li>- A democracia como mellor modo de convivencia:</li> <li>- Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.</li> <li>- O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- O problema da consecución da xustiza na democracia.</li> <li>- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia:</li> <li>- A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Natureza humana e natureza animal:</li> <li>- Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos.</li> <li>- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:</li> <li>- O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos.</li> <li>- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:</li> <li>- O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.</li> <li>- A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do chan e dos bosques e da protección do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A miña paixón non ten límites	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	É capaz de construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma	TI	100
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir oralmente, recolle ideas e apreciacións do resto de compañeiros e compañeras da aula valorándoas		
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Promove e amosa un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica		
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma		
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	É capaz de identificar e expresar coherentemente as súas emocións e os seus sentimentos, fancendo valer os mesmo dun xeito respectuoso		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As características que definen a persoa:</li> <li>- Ser natural, ser vivo, ser animal.</li> <li>- Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir.</li> <li>- Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón.</li> <li>- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade sobre as accións propias.</li> <li>- O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros.</li> <li>- A educación das emocións e dos sentimentos:</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- O autocontrol. A xestión dos sentimentos.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> <li>- A ética como guía das accións:</li> <li>- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinación e exclusión.</li> <li>- O ser humano como ser social por natureza:</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais.</li> <li>- A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista.</li> <li>- Natureza humana e natureza animal:</li> <li>- Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos.</li> <li>- A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe:</li> <li>- As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Benvidos ao talent show	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	Comparte cos seus compañeiros as súas inxedanzas e visión de sí mesmo		
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	É capaz de xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso		
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona e expresa os seus sentimentos e pensamentos	TI	100
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Contribúe a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade		
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As características que definen a persoa:</li> <li>- Ser natural, ser vivo, ser animal.</li> <li>- Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir.</li> <li>- Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón.</li> <li>- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade sobre as accións propias.</li> <li>- A ética como guía das accións:</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos.</li> <li>- O ser humano como ser social por natureza:</li> <li>- A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.</li> <li>- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia:</li> <li>- A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais.</li> <li>- O respecto da diversidade cultural e das tradicións:</li> <li>- A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural.</li> <li>- Natureza humana e natureza animal:</li> <li>- Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade.</li> <li>- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal.</li> <li>- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:</li> <li>- A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Un novo comezo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Identifica e expresa emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades	TI	100
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma		
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	É capaz de avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza dos seres humanos:</li> <li>- As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepitibilidade dos individuos.</li> <li>- A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano.</li> </ul>

## Contidos

- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:
- A educación das emocións e dos sentimentos:
- A ética como guía das accións:
- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.
- O pensamento crítico e ético en acción:
- O debate sobre os límites da liberdade de expresión.
- O ser humano como ser social por natureza:
- A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.
- A cultura da paz e da non violencia:
- O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.
- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:
- O uso sostible da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
5	A Paz non se vende	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	É capaz de xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional		
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Promove e amosa un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica,		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	É capaz de reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero		
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Comprende e valora os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz		
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Comprométese activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza dos seres humanos:</li> <li>- A igualdade en dignidade de todos os seres humanos.</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos.</li> <li>- O ser humano como ser social por natureza:</li> <li>- A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.</li> <li>- A cultura da paz e da non violencia:</li> <li>- O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD.</li> <li>- O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.</li> <li>- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia:</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O respecto da diversidade cultural e das tradicións:</li> <li>- A ecodpendencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe:</li> <li>- As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.</li> <li>- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:</li> <li>- O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Todos os seres vivos merecemos respecto	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	É capaz de construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza,	TI	100
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Promove e amosa un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Reflexiona e asume un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero		
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Contribúe a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolve unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Avalía 4 alternativas posibles para frear o cambio climático dende a nosa práctica individual.		
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	É capaz de comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano.</li> <li>- A ética como guía das accións:</li> <li>- Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.</li> <li>- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.</li> <li>- O pensamento crítico e ético en acción:</li> <li>- O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión.</li> <li>- A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista.</li> <li>- O respecto da diversidade cultural e das tradicións:</li> <li>- A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural.</li> <li>- O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.</li> <li>- Natureza humana e natureza animal:</li> <li>- Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade.</li> <li>- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:</li> <li>- O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos.</li> <li>- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:</li> <li>- O uso sostible da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos.</li> <li>- A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos, características do alumnado serán tidas en conta e axustarán a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado. Enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas con obxectivos concretos, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores, debendo ter en conta sempre a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

É preciso secuenciar a ensinanza de tal xeito que se parte de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos. Os estilos a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles). O descubrimento guiado e a resolución de problemas son estilos que se basean en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos do alumnado, para que investigue e chegue a unha ou varias solucións, que polo feito de ser descubertas pola propia persoa afianzan a aprendizaxe na súa estrutura cognitiva, así como aumentan de xeito considerable a súa autonomía e autoestima.

Un dos elementos fundamentais destas concrecións metodolóxicas será espertar e manter a motivación cara o aprendizaxe do alumnado, propiciando que o seu papel sexa activo e autónomo, conscente de ser responsable da súa aprendizaxe.

Con este propósito é preciso que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula.

Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizáremolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Plantexamento de diferentes situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver.
- Potenciar no alumnado a autonomía, creatividade, reflexión e espírito crítico
- Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos
- Potenciar o traballo colaborativo, a aceptación mutua e empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe entre iguais.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno
Libro dixital de apoio
Apuntamentos ou fichas elaboradas polo profesorado

Recursos audiovisuais (vídeos de Youtube e películas)

Cada un destes recursos poderá ser empregado para desenvolver a materia ao longo do curso, sempre tendo en conta a posibilidade de adaptación dos recursos a todo o alumnado de aula, flexibilizando sempre en tempo ou na mesma escolla dos recursos no caso de precisar aplicar varios diferentes na mesma sesión.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia de ciencias da natureza.

Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos, observación do traballo na aula, participación en debates,... A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

o Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

o Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

o Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

o Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

o Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

o Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe;

especialmente, co titor.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	20	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### **Criterios de cualificación:**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores. As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas, as cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase. Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

1- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade 80%. Os instrumentos empregados son:

- Realización de probas escritas ou orais
- Rúbricas sobre aspectos fundamentais.

2-Realización do traballo na clase 10%.

- Realización axeitada do traballo
- Presentación do caderno
- Realización e presentación de fichas

Os instrumentos empregados son:-

Caderno da clase e libros.

- Fichas
- Rexistro de actividades.

3.-Valoración de actitudes na aula 10%.- Escoita- Participación- Esfuerzo- Colaboración

Os instrumentos empregados son:

- Rexistros variados.(de participación, actitude, atención)

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores, así como probas escritas para coñecer o grao de interiorización dos diferentes contidos. Para cubrir as táboas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: \* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6). \* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

**PROMOCIONAN:** Sempre con todas as áreas aprobadas ou cunha suspensa. Con dúas áreas suspensas sempre que non sexan dúas linguas (galega, castelá), ou cunha lingua e matemáticas.

**NON PROMOCIONAN:**

Cando non se cumpre o punto dous de PROMOCIONA.

Cando haxa tres áreas suspensas ou mais.

**OUTROS CRITERIOS A TER EN CONTA CARA Á PROMOCIÓN:**

Criterio do D.O. cara á conveniencia ou non da promoción.

Análise da situación específica do alumno/a en cuestión (Diagnóstico de NEAE que estimen a non conveniencia da non promoción)

Deliberación e acordos nas respectivas Xuntas de Avaliación.

### **Criterios de recuperación:**

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión.



- Partiremos do nivel de cada alumno/a.-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.
- As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.
- O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase:-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Con respecto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta as ordinarias: adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Ao mesmo tempo contamos co programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto existe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

### MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo. Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

### ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación. Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algúns que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen. - Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.

- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións. SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 6º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. No grupo ao que está dirixida esta programación atopamos, non atopamos alumnado con NEE nin NEAE para esta materia da que trata a programación

No caso de que sexa necesario levar a cabo medidas extraordinarias deberemos levaara. cabo: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais trabállanse de xeito completo ao longo de todas as unidades na materia de valores, de feito coinciden cos obxectivos da materia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mural - Violencia machista	Levarase a cabo a realización dun mural no centro no que se represente o rexeitamento total á violencia machista, coordinado por unha persoa graffiteira.	X		
Hoxe é o teu día	Traballaremos o Día Internacional dos Dereitos do Neno mediante o visionado de películas que traten esta temática	X		
Da paz non só se fala un día	Con motivo do día da paz, traballaremos nun taller con alumnado doutros países que proveñan de países en conflito para reflexionar acerca do tema en primeira persoa e reflexionar sobre a importancia que ten que cada día sexamos conscentes do traballo da paz na convivencia.		X	
Referentes	Traballaranse biografías de adolescentes referentes e activistas no mundo actual mediante unha investigación previa sobre a súa actividade e vida, para despois, no caso de ser posible, facer por equipos pímulas radiofónicas para espallar a súa vida, ou se non hai radio no centro, gravaranse unhas pímulas audiovisuais para colgar na páxina do centro.			X

### Observacións:

Cada actividade complementaria terá lugar nun trimestre respectivamente, e sempre se adaptará en tempo e forma ao alumnado participante e á materia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Teño en conta o procedemento xeral, a programación, e a avaliación de aprendizaxes de acordo ao proxecto curricular
Aplico criterios de avaliación e de cualificación de acordo aos propostos na programación
Emprego suficientes criterios de cualificación que atendan de xeito equilibrado á avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación, na que teño en conta o informe da titoría anterior e o equipo de Orientación do centro
Explico de xeito habitual e sistemáticos os traballos que califico e actividades que o alumnado fai para darlles pautas de mellora

Clima de traballo na aula
Teño en conta a motivación do alumnado á hora de programar actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Emprego diferentes medios de información para familias, profesorado e alumnado

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto, indicando no seu seguimento as datas de comezo e final para cada unha delas ao longo do curso.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	6º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	70
4.2. Materiais e recursos didácticos	71
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	72
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	73
6. Medidas de atención á diversidade	75
7.1. Concreción dos elementos transversais	76
7.2. Actividades complementarias	78
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	79
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	80
9. Outros apartados	81

## 1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 6º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa ¿(aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
8	What makes us succeed?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos previamente preparados, usando estruturas e léxico básicos. Responder a preguntas relativas ó tema.	PE	40
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, palabras e frases ou oracións breves e específicas en textos de tipoloxía variada, orais e escritos, sobre a temática da unidade.	TI	60
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos de relevancia, empregando recursos verbais, non verbais e estruturas básicas propias da lingua inglesa.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	Participar en situacións de intercambios breves de información sobre temas relevantes, en diferentes soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, prestando atención á pronunciación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Festival 1: Christmas	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de diferentes ferramentas, empregando léxico básico de uso común. Responder a preguntas relativas á unidade.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e expresar palabras e frases ou oracións breves en textos de tipoloxía variada, orais ou escritos, relativos ó tema e expresados de forma comprensible e clara.	TI	70
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos relevantes en torno á temática do Nadal, empregando recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas da lingua estranxeira.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	Participar en situacións de intercambios breves de información sobre o tema da unidade, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Festival 2: Easter	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxicos básicos. Responder a preguntas relativas á unidade.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer palabras e frases ou oracións breves en textos de tipoloxía variada, orais ou escritos, sobre o tema da unidade, expresados de forma comprensible e clara.	TI	70
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos en torno á temática de Pascua, previamente preparados, utilizando recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas da lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	Participar en situacións de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a sexto de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiáns habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das materns do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.
- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos .O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.
- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11- Vídeos.

12- Cancións e rimas.
13- Actividades DUA.
14- Online Class Book from Oxford University Press
15- Activity Book from Oxford University Press

Citamos algúns exemplos de materiais e recursos didácticos a empregar neste curso de 6º de EP:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-Whats missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"The selfish giant": <https://youtu.be/M8MFW2qG79s>.

3- Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

\* adiviñar a tarxeta;

\* memory game;

\* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso

4- Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase

xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9- Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Permítenos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica que resulta motivadora a todos os niveis.

13- Actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

14- Online Class Book para realizar tarefas de xeito oral relativas a listening, speaking, reading.

15- Activity Book para realizar tarefas relativas a listening, reading and writing.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a.

Neste proceso pódense recoller evidencias tales coma gravacións de audio ou video individuais, de interacción en parella ou gran grupo, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	40	30	30	30	30	30	50	40	30	30
<b>Táboa de indicadores</b>	60	70	70	70	70	70	50	60	70	70

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>34</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>66</b>

#### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación establécense utilizando: Procedementos e evidencias: observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita.

As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

75% destrezas (listening, speaking, reading, writing)

25% CA relacionados cos bloques de plurilingüismo e interculturalidade (respecto, esforzo, actitude...)

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva, polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

A mestra decidirá o procedemento a seguir para que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos, serían as medidas idóneas a adoptar.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Esta programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, etc, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do

centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

\*Nenos e nenas con altas capacidades intelectuais:

Facilitaráselle contidos e material de ampliación axeitado ás súas necesidades coa finalidade de que lle permitan desenvolver ó máximo as súas capacidades.

\* Nenos e nenas con integración tardía no sistema educativo:

Adopataranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase co fin de permitirlles continuar con aproveitamento os seus estudos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes				X		X		
ET.2 - Os dereitos da Infancia		X			X			
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X			X				
ET.4 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Cívica e Constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes		
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X
ET.5 - Educación Cívica e Constitucional	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Aínda así destacamos pola súa importancia os arriba indicados.

Como cabe esperar, na lingua estranxeira traballamos principalmente a comprensión lectora, as expresións oral e escrita, e tamén comunicación audiovisual e as TIC. Ademais destas mencionadas, damos especial relevancia a elementos transversais tales como:

\* O emprendemento: fomentamos o traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e as habilidades sociais, como a cooperación e a negociación.

\* A educación cívica e constitucional: fomentamos a participación activa na sociedade. Polo tanto, desenvolver unha conciencia de respecto por un mesmo, así como dos diferentes costumes e formas de pensar dos demais son unha parte esencial nesta programación.

Por outro lado, cómpre salientar que se escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Visitas ao centro	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola	Samaín, magosto, nadal, Día da Paz, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Easter, Diwali, Thanksgiving....	X	X	X

### Observacións:

Ao longo do ano escolar, ademais dos contidos propios na materia de lingua estranxeira, hai diferentes datas a conmemorar, que teremos en conta nesta programación. Por razóns obvias, centrarémonos nas que teñan relación coa lingua estranxeira, aínda que tamén a nivel centro, levaremos a cabo múltiples actividades complementarias a ter en conta.

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.



Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Tivéronse en conta os distintos ritmos de aprendizaxe con tarefas axeitadas para cada caso.
Clima de traballo na aula
Creouse un clima de traballo que facilitou o desenvolvemento da materia de xeito favorable.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

### Descrición:

Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, a mestra establecerá os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións, a mestra escollerá as que considere máis oportunas. Deste xeito, prestaremos atención a:

- \* Adecuación da programación didáctica.
- \* Plans de mellora a levar a cabo (de ser precisos).
- \* Medidas de atención á diversidade.
- \* Temas transversais.
- \* Programa de recuperación daqueles contidos non acadados ou acadados con moita dificultade aínda recibindo reforzo.
- \* Obxectivos da materia acadados e cales quedaron pendentes.
- \* Competencias adquiridas.
- \* Adecuación da práctica docente.
- \* Programas de mellora para a práctica docente.
- \* Materiais e recursos empregados.
- \* Distribución dos espazos e tempos e a súa adecuación.
- \* Métodos didácticos e pedagóxicos empregados.
- \* Resultados da avaliación.

Aspectos como o procedemento para a recollida de información, os momentos nos que se levará a cabo ou o emprego que lles daremos ós datos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

O currículo propón unha serie de ferramentas para levar a cabo o proceso evaluativo:

\* Avaliación formativa: os elementos principais a ter en conta serán a observación e o seguimento sistemático do alumnado, é dicir, teranse en conta todas as producións que leve a cabo (exposicións orais, traballos escritos,

debates, tarefas de aula, lecturas, precisión na expresión, actitudes, etc).

\* Avaliación sumativa: teranse en conta as probas orais e escritas.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de xeito que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

Neste apartado a mestra decidirá e plasmará os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación PROENS.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

## 1. Introducción

Programación didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura de 6º de primaria. O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura no 6º curso de Educación Primaria, realizada en base a Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, o que nos vai permitir desenvolver as capacidades e habilidades sociais que melloran e aumentan as posibilidades de relación dos alumnos/as, a través de patróns de conducta básicos que constitúan unha sólida base para o futuro. Co fin de garantir o éxito da formación integral do alumnado, traballaranse diferentes tipos de situacións e contextos similares aos que se pode ver exposto o mesmo ao longo da súa vida.

Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo. Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio e unha biblioteca. Os ultra-portátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula. Centrándonos na propia área de lingua e literatura castelá, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación. Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Así que estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.
- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar. Co remate deste curso, a área pretende contribuír esencialmente para acadar o perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa na maioría do alumnado, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

**CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 3º CICLO (10/12 anos).**

Etapa das operacións concretas (de 6/7 a 12 anos) segundo Piaget.

**Ámbito cognitivo:** Nesta etapa os nenos comezan a utilizar a lóxica para chegar a conclusións válidas, pero para conseguilo precisan de situacións concretas e non abstractas. Tamén poden categorizar aspectos da realidade dun xeito moito máis complexo. Outro punto esencial é que o pensamento deixa de ser tan egocéntrico. **Área motora:** Neste período acádase a plena maduración do sistema nervioso, polo que se realizan movementos mellores, máis eficaces e máis rápidos. Prodúcese un endurecemento e aumento progresivo dos ósos. Os sistemas respiratorio e circulatorio desenvólvense progresivamente, o que permite aos nenos responder mellor aos esforzos. Acadan unha mellor organización e estruturación espazo-temporal. Ao comezo da etapa tomase conciencia do propio corpo dun xeito global. Despois, de cada unha das súas partes, e ao final da etapa estás plenamente consciente do teu corpo, diferenciándoo dos obxectos, para poder controlar perfectamente os seus movementos. Tamén ten a lateralidade perfectamente interiorizada, é dicir, os conceptos de dereita-esquerda. Isto permítelle realizar movementos simétricos e asimétricos.

**Ámbito afectivo-social:** O neno centra a súa enerxía en coñecerse a si mesmo e ao mundo que o rodea. O neno vai tomando conciencia do mundo ao que pertence: adquirindo valores da súa propia cultura e tomando conciencia de que é capaz de afrontar e resolver os problemas que se presentan. Debemos evitar que o neno desenvolva sentimentos de inferioridade. Nesta fase desenvolven: Autoconcepto (concepto que o neno ten de si mesmo) Autoestima (imaxe e valor que se outorga o neno). Ao redor dos 12 anos comeza a puberdade, que é a última etapa do crecemento na que o neno volve experimentar un crecemento acelerado.

**Ámbito psicomotriz:** Traballarase principalmente a motricidade fina a través a elaboración de textos manuscritos así como do emprego dos portátiles, creación de murais e de traballos monográficos que deberán expoñer na aula

**DATOS XERAIS DE CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO**

O centro está situado no Concello de Carballo, parroquia de Sofán, ten 157 alumnos neste curso 2023/2024 e unha plantilla de dezaoto profesores, con dous itinerantes (relixión e audición e linguaxe) conta con plan concilia, comedor, transporte e actividades extraescolares. É centro plurilingüe e ten dúas seccións bilingües (5º e 6º), mentres que os cursos de 1º, 2º e 3º son plurilingües. O centro participa nun gran número de proxectos que redundan tanto no alumnado como en toda a comunidade educativa ( dezaoto profesores), Erasmus +, PFPP con varios itinerarios, radio escolar propia, prensa dixital, lingua de signos todo o curso, entre outros.

No centro contamos coas seguintes instalacións: pavillón polideportivo, pistas polideportivas ao aire libre, pequeno patio cuberto, zona de xogos de infantil con tobogán, columpios; campo de fútbol exterior, horto escolar e zona axardinada. Ten biblioteca, aula de música, aula de radio e invernadoiro.

- Centro: CEIP Plurilingüe Gándara Sofán

-Unidades:9 (3 EI / 6 EP)

- Curso: 6º

- Nº alumnos/as: 25 alumnos (14 nenas e 11 nenos)

- Contorna: Rural - Instalacións: zona xogos de infantil, polideportivo, patio exterior, zona verde axardinada no exterior, pista polideportiva exterior.

- Xornada escolar: continua de 09:50h a 14:50h

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O camiño de Santiago	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna.) Bloque 2: Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral: presencial, telefónica, mensaxería instantánea. Canles de comunicación escrita: manuscrita, impresa e dixital... Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, palabras simples e compostas, maiúsculas/minúsculas.	11	16	X		
2	De quen ves sendo?	Diversidade lingüística (distintas formas do galego) escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (escoitar, respectar quendas, asumir razoamentos alleos, intervir cando corresponda). Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instructivos (manuais, guías, prospectos...) Sustantivo, prefixo e sufixo, normas de acentuación, ditongos e hiatos.	11	16	X		
3	A nosa biblioteca	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais (expositivos, instructivos, de debate). Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos (literarios, de opinión, manuais, descritivos...) Elaboración de textos expositivos multimodais que implican procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, con asignación de diferentes roles no grupo. Adxectivos	11	16	X		
4	Os meus sentimentos.	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Determinantes (artigo, posesivo, demostrativo, numeral e indefinido). Normas de uso cc/ct, Uso do "h". Concordancia de xénero e número	11	15		X	
5	Somos trovadores	A poesía recitada e as cancións. Estrutura da linguaxe poética, métrica e rima. A linguaxe poética, ritmo, emocións e recursos literarios.	11	15		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Somos trovadores	Pronomes. Uso de: punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos.	11	15		X	
6	Paulina ao piano	Expresión de vivencias persoais. As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, memorias, descrições de persoas. O verbo, raíz e desinencia. Uso de "b" e "v".	11	16		X	
7	Rebumbio na aldea (I)	O debate como forma ordeada de intercambio de ideas, con respecto polas diferentes opinións, Textos expositivos, argumentativos, informativos e de opinión. O verbo (conxugación, número e persoa.) Formas persoais e non persoais. Os xentilicios.	11	15			X
8	Rebumbio na aldea (II)	O debate (xogo de roles e asimilación da postura contraria). A entrevista (interacción coa persoa entrevistada) A entrevista (preparación previa e redacción) Bloque 6: O verbo (tempo, modo e forma). Uso da "x" e "s". Aumentativos e diminutivos.	12	15			X
9	Qué novas traes?	A comunicación oral por medios dixitais (radio e TV) normas e códigos. A prensa escrita nos distintos soportes, papel, dixital. A inmediatez da información. Palabras invariables: preposicións, adverbios, conxuncións. Palabras compostas e as súas regras ortográficas	11	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O camiño de Santiago	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un breve texto narrativo con coherencia e claridade	PE	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	No día que se celebra o magosto e se comen as castañas, tamén se celebra un concurso de bailar o peón, entre os diferentes cursos do centro	X		
Enreguéifate	Obradoiro taller sobre a regueifa, as súas orixes e a súa técnica	X		
Día da Non Violencia	Traballo e creación dun mural con plumas pintadas por todo o alumnado do centro en forma de ás	X		
Festival de Nadal	Celebración do tradicional festival de Nadal para as familias no Pazo da Cultura de Carballo.	X		
Entroido	Celebración do tradicional desfile de entroido no pavillón do centro		X	
Festival de Fin do Curso	Por concretar			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.



Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

Apoioíuse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### **Descrición:**

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírase, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluírase como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta

información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no centro CEIP A Gándara-Sofán, asentado nunha contorna rural, practicamente o 90% do alumnado vive nos arredores, polo que a participación na vida do centro por parte das familias é máis habitual que noutros centros do mesmo concello. Non obstante, o 10% restante procedente doutros países e culturas permite traballar a integración deste alumnado dende un punto de vista didático e pedagóxico.

O grupo seleccionado de 6º EP, está composto por 25 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 10 e os 12 anos, posto que contamos cun alumno repetidor.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pasaporte emocional	Traballaremos a conciencia emocional, a regulación das emocións, autonomía emocional e competencia social. Creación dun pasaporte emocional	30	12	X		
2	Viaxe emocionante	Visita a diferentes países do mundo, dos que estudaremos a súa cultura e costumes	40	13		X	
3	Crea o teu avatar	Creación dun avatar persoal para o noso pasaporte. Como empregalo.	30	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pasaporte emocional	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da participación cidadá.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para as distintas fases do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Viaxe emocionante	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Crea o teu avatar	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar as distintas propostas.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Vota a sexto".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto. Nas primeiras semanas deberán facer unha detección de necesidades na vila para elaborar unha proposta cidadá de execución dun proxecto. Deberán tomar contacto coa veciñanza, coñecer a vila... e detectar deficiencias e aspectos que se poden mellorar no seu funcionamento.

Neste trimestre, deberán entregar un dossier con toda a información anterior e comezar xa a recompilar a información de presupostos colaborativos, funcionamento do concello e outros aspectos que se traballarán durante a segunda avaliación. As propostas poderán versar sobre aspectos como:

- Mellora do transporte público
- Creación dun parque ou espazos verdes de lecer...
- Sistemas de reciclaxe na vila.
- Estado do mobiliario urbano, beirarrúas, etc
- Actividades deportivas dirixidas á mocidade.
- Actividades culturais dirixidas á mocidade.

...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, deberán indagar e coñecer tres aspectos fundamentais:

- Coñecer institucións do poder popular de representación democrática.
- Funcionamento do sistema electoral.
- Participación cidadá fóra do que son as eleccións. Presentación propostas, queixas...

Coñecerán o papel e funcionamento dos concellos, das deputacións, das autonomías, da administración central e das distintas institucións europeas. Así mesmo, familiarizaranse con aspectos como a lei electoral, o método D'Hont para a asignación de escaños, as circunscricións, o funcionamento das eleccións... Comprenderán o proceso electoral e elaborarán documentos co obxecto de presentar a súa proposta. A idea é que funcionen como un grupo de presión veciñal, tomando conciencia do seu dereito a seren escoitados como cidadáns e valorando a iniciativa popular como vía de participación na vida pública.

...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, as súas propostas. Farase unha votación no centro a través de enquisas e a proposta gañadora será presentada no concello coa súa correspondente difusión mediática podendo chegar a dar unha rolda de prensa ou enviar unha nota de prensa co proxecto e coa proposta asociada.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Matemáticas (estatística, manexo e interpretación de datos...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Ciencias Sociais (as institucións e o seu funcionamento).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto).
- Educación física (propostas deportivas).
- Música e Danza (cultura popular).

...



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula.
Material e recursos para facer entrevistas ( equipos de gravacións, material para elaboración das enquisas...).
Ordenadores.

As primeiras sesións durante a primeira avaliación desenvolveranse na aula habitual, convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na aula de informática onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores. As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas, as cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada

unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase. Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade 80%. Os instrumentos empregados son:

- Realización de probas escritas ou orais
- Rúbricas sobre aspectos fundamentais.

2-Realización do traballo na clase 10%.

- Realización axeitada do traballo
- Presentación do caderno
- Realización e presentación de fichas

Os instrumentos empregados son:-

Caderno da clase e libros.

- Fichas
- Rexistro de actividades.

3.-Valoración de actitudes na aula 10%.- Escoita- Participación- Esfuerzo- Colaboración

Os instrumentos empregados son:

- Rexistros variados.(de participación, actitude, atención)

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores, así como probas escritas para coñecer o grao de interiorización dos diferentes contidos. Para cubrir as táboas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: \* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6). \* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

**PROMOCIONAN:** Sempre con todas as áreas aprobadas ou cunha suspensa. Con dúas áreas suspensas sempre que non sexan dúas linguas (galega, castelá), ou cunha lingua e matemáticas.

**NON PROMOCIONAN:**

Cando non se cumpre o punto dous de PROMOCIONA.

Cando haxa tres áreas suspensas ou mais.

**OUTROS CRITERIOS A TER EN CONTA CARA Á PROMOCIÓN:**

Criterio do D.O. cara á conveniencia ou non da promoción.

Análise da situación específica do alumno/a en cuestión (Diagnóstico de NEAE que estimen a non conveniencia da non promoción)

Deliberación e acordos nas respectivas Xuntas de Avaliación.

#### **Criterios de recuperación:**

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión.

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

-As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algúns estudantes.

-O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

En todo caso intentarase:-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en

cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura		X	
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital		X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día dos dereitos dos nenos	Traballo e creación dun mural sobre os diferentes dereitos da infancia	X		
Día contra a violencia de xénero	Traballo e creación dun mural con plumas pintadas por todo o alumnado do centro en forma de ás	X		
Día da Paz	Realizarase unha carreira pola paz en colaboración coa ONG_Save the children, no que participa todo o centro.		X	
Día do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.		X	
Charlas Vieiro: afectivo sexuais	Charlas de carácter afectivo-sexual levadas a cabo pola Asociación Vieiro de Carballo	X		
Saída ao Parlamento de Galicia	Saída cultural ao Parlamento de Galicia na que se traballaran contidos tratados na aula como a Democracia ou o debate	X		
Contratos Programa EduSaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado. Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación. O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta. No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área: >Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares. >Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas. Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos: >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación. >Grao de adquisición de competencias na área. >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos. >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos. >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado. >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados. >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez. >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso. >Grao de conexión cos tutores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual. >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo. O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre o equipo docente do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta. No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área: >Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares. >Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas. Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos: >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación. >Grao de adquisición de competencias na área. >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos. >Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos. >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado. >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados. >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez. >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso. >Grao de conexión cos tutores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual. >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O/A titor/a, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica. Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula. Continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e, se é necesario, modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe. Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica: - Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo. - Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas. - O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas. - Aplicación metodoloxía didáctica acordada. - Adecuación da secuencia de traballo na aula. - Adecuación dos materiais didácticos utilizados. - Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado. - Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua - Adecuación dos programas de apoio, recuperación. - Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. - Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas. - Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación. - Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. - Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. - Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio. Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas. Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico. No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar. Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23



## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 6º de E. Primaria do CEIP Plurilingüe Gándara-Sofán. Os educandos presentan distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Ao carecer de aula específica de relixión úsase a aula da titoría dotada con pantalla dixital.

Marco da Normativa estatal no que se engloba

. Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de decembro, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

. Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Marco da Normativa Autonómica

. Currículo de Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022)

. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

. Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Currículo de Relixión Católica

. Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumna.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria.

O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e

quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Respectamos as diferentes Relixións.	Neste primeiro tema recordamos a importancia dos valores cristiáns, convivimos persoas de distintos países e relixións polo que fomentaremos a tolerancia entre os diferentes pobos.	20	8	X		
2	Nadal: amor e paz.	Nesta tema analizaremos como se pode alcanzar a felicidade atendendo á mensaxe do nacemento de Xesús.	15	5	X		
3	Somos pacíficos, cumprimos as normas.	Nesta situación de aprendizaxe analizaremos cal é a nosa aportación á paz, como traballamos pola paz os cristiáns (tendo en conta algúns personaxes relevantes neste senso), que podemos facer para solucionar os nosos conflitos.	20	6		X	
4	Mulleres na Biblia.	Nesta situación de aprendizaxe analizaremos que persoas nos inspiran e cales delas son mulleres pensando nas mulleres que seguían a Xesús e en como se relacionaba con elas.	10	3		X	
5	Arte en Semana Santa.	Nesta unidade aprenderemos acerca da beleza, de como se pode despertar o sentimento relixioso a través da arte e, en concreto, na Semana Santa. Tamén intentaremos que coñezan as celebracións	20	7		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Arte en Semana Santa.	típicas propias desta epoca na súa zona.	20	7		X	X
6	Celebramos as festas.	Nesta situación de aprendizaxe coñeceremos as festas cristiás, o ano litúrxico, os sacramentos como momentos importantes nas nosas vidas e cales foron os momentos importantes na vida de Xesús.	15	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Respectamos as diferentes Relixións.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Valora a existencia doutras relixións e amosa respecto cara elas e cara as persoas practicantes.	TI	100
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes doutras relixións.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta no centro. (Recollida de roupa, xoguetes, alimentos,...).		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Empatiza cos compañeiros e compañeiras que o están a pasar mal.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Descubre a riqueza cultural das diferentes celebracións como expresión de identidade cutlural doutros pobos.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		

